



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DENOMINADO “SERVIZO DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA E LOGOPÉDICA PARA FAMILIAS E MENORES XORDOS IMPLANTADOS OU CON PRÓTESE AUDITIVA”

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2018

REUNIDOS

Dunha banda, Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 98/2018, do 26 de setembro, do seu nomeamento, o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

E doutra, D. Iker Sertucha Lista, co DNI 32.822.404R, que actúa no nome e na representación da entidade Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (en adiante FAXPG), de acordo co nomeamento outorgado segundo o disposto nos seus estatutos e escritura de apoderamento e que consta no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais desta Consellería de Política Social.

Ambas as dúas partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, na Lei 40/2015 do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público e máis no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

SEGUNDO. Que a Comunidade Autónoma Galega, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, en virtude da mencionada competencia, foron aprobadas a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.



TERCEIRO. Que a Consellería de Política Social, ao abeiro do disposto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o órgano da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social de apoio á familia, entre outras. Neste eido correspóndelle exercer as políticas autonómicas de apoio e protección á familia e aos seus membros, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que recollen o deber dos poderes públicos de recoñecer e amparar a familia en todas as súas manifestacións e formas de organización, dándolles un especial apoio e protección.

CUARTO. Que a FAXPG (NIF G15068091) é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número E-0204 e ten entre as súas funcións a de promover todas aquelas actividades que, individual ou socialmente, favorezan a integración das persoas xordas e/ou con discapacidade auditiva e, en xeral, dar resposta ás necesidades das persoas xordas ou con discapacidade auditiva, das súas familias e dos profesionais que traballan con elas, a través de accións de atención e orientación, así como mediante a planificación de diferentes servizos destinados a estas familias, colectivo dentro do ámbito de competencias desta Consellería de Política Social.

QUINTO. Que considerando o interese da labor que esta entidade leva a cabo e da recoñecida labor social que no eido das familias con nenos e nenas xordos/as e/ou con discapacidade auditiva realiza, a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten previsto asinar un convenio de colaboración para contribuír ao financiamento do desenvolvemento dun proxecto de atención psicolóxica e logopédica específico para as familias con nenas/os xordos de 0 a 6 anos.

Este proxecto supón dar un paso adiante no benestar do colectivo de persoas xordas, xa que implica ampliar a oferta de actividades que dende hai tempo a FAXPG vén desenvolvendo co apoio da Consellería de Política Social, que canaliza a través dunha axuda global e individualizada nos orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia, asumida a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade e dirixida, no que se refire á atención de familias e logopedia e á marxe da atención de persoas adultas, a impulsar actividades de carácter informativo, de difusión ou sensibilización no ámbito educativo e da formación .

A Consellería de Política Social e a FAXPG pretenden colaborar nesta ocasión para desenvolver un novo programa, un proxecto piloto, que centre o foco de intervención nas familias con nenas e nenos xordos ou con discapacidade auditiva de 0 a 6 anos, actuando dende unha fase máis temperá e dentro do eido colectivo familiar, como espazo natural de desenvolvemento. Trátase de novas actuacións non previstas na planificación de actividades da entidade para o ano 2018. A diferenza coas ditas accións da FAXPG, as actividades concretas deste programa están dirixidas ao núcleo familiar e pivotan sobre os obxectivos de lograr un desenvolvemento lingüístico axeitado a través de estratexias comunicativas idóneas entre os membros da familia para canalizar o desenvolvemento emocional do/a menor. Deste xeito, este proxecto amplía o catálogo de servizos da FAXPG coa incorporación de intervencións en eidos que ata o de agora permanecían á marxe, como é a familia e os seus menores dende a súa fase máis temperá. Deste xeito, favorécese a continuación do desenvolvemento do/a menor no dito ámbito educativo e da formación.



De acordo co exposto e de conformidade co disposto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política social, o órgano competente para exercer as políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, infancia e adolescencia é a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, para dar cumprimento ao disposto, entre outras, á Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, en virtude da cal, no seu artigo 9, define os grupos de familias de especial consideración, e dentro deles recolle as familias con persoas con discapacidade ao cargo, o que supón desenvolver a prol delas un trato preferente en diferentes ámbitos segundo o que estableza a normativa sectorial correspondente, obriga recollida no artigo 18. Por isto, ten un interese especial para esta consellería desenvolver un proxecto destinado ás familias con nenos e nenas xordos ou con discapacidade auditiva en colaboración cunha entidade social con recoñecida experiencia e formación neste ámbito.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, poderán outorgarse de forma directa subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

Así mesmo, o artigo 31.2 -en relación co artigo 55- da Lei 13/2008, do 3 de decembro, habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso."

Por todo o anteriormente exposto, a Consellería de Política Social considera conveniente a sinatura do presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto do presente convenio regular o marco da colaboración entre a Consellería de Política Social e a FAXPG no desenvolvemento dun proxecto de atención psicolóxica e logopédica para familias con menores xordos implantados ou con prótese auditiva. O proxecto ten como principais ámbitos de actuación, a atención logopédica a menores xordos de entre 0 e 6 anos, a orientación sobre as estratexias comunicativas ás súas familias e a aos centros educativos (lingua de signos), así como tamén o asesoramento psicolóxico ás familias e/ou contorno de convivencia co fin de fomentar o desenvolvemento normalizado do sistema familiar.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS

A FAXPG, ao abeiro deste convenio, desenvolverá as seguintes actuacións:

a) Intervención logopédica para ensinar aos/ás nenos/as xordos/as a interpretar os estímulos nerviosos ou a utilizar as próteses auditivas adecuadamente e facilitarlles o aprendizaxe da fala usando como ferramenta a lingua de signos española.



b) Atención e asesoramento psicolóxico especializado ás familias e aos/as nenos/as xordos con próteses auditivas e implantados e a orientación sobre as estratexias comunicativas ás familias e aos centros educativos.

c) Organización de talleres para pais/nais vinculados ao servizo e dinamización.

TERCEIRA. IMPORTE

1. A Consellería de Política Social contribuirá ao financiamento dos gastos derivados da execución do presente convenio cunha contía global de once mil euros (11.000,00€), con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.481.0 dos orzamentos da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social na anualidade de 2018, na que existe crédito axeitado e suficiente na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018. A devandita achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

CUARTA. GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido no convenio de acordo coa cláusula décimo segunda. De acordo co artigo 29.2. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido no presente convenio.

2. De conformidade co disposto no artigo 40.1.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, determínase que o prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas no marco deste convenio remate o 15 de decembro de 2018.

Axuda da Consellería de Política Social	11.000,00 €
Período de realización de gastos e pagos	01/01/2018-15/12/2018
Data límite da presentación da documentación xustificativa	15/12/2018

3. En ningún caso consideraránse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

4. Os custos indirectos formarán parte da xustificación, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que tales custos correspondan o período no que efectivamente se realiza a actividade.



5. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

QUINTA. CONDICIÓN DE PAGAMENTO.

1. O pagamento da contía referida no presente convenio farase do seguinte xeito:

a) Ata o 80% do total concedido poderase facer efectivo mediante pagos parciais á conta da liquidación definitiva na medida que a entidade xustifique os gastos e os pagos realizados, da seguinte forma:

1. Memoria económica da aplicación dos fondos destinados ao convenio, na que conste:

a) Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado que deberá indicar os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome, NIF, base do IRPF, retribución líquida mensual, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado.

b) Documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (TC2) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (TC1))

c) Unha relación clasificada dos gastos, con identificación do concepto, o proveedor, o importe (IVE detallado), a data de emisión e a data de pagamento.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente de acordo co artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. As facturas irán acompañadas dos documentos que xustifiquen o pagamento:

No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso deberase presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.

2. Unha declaración de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, si ben a entidade poderá autorizar ao órgano xestor para solicitar as certificacións necesarias de estar ao corrente.

3. Unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades.

4. Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia, deba ter solicitado.



5. Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes, conforme ao establecido no artigo 48.2.g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Antes de facer efectivo o 20% restante, a entidade deberá presentar ademais dos documentos os que se refire o parágrafo anterior unha memoria da actuación obxecto do convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha institución sen fin de lucro, segundo menciona o artigo 65.4.f) deste mesmo Decreto.

CUARTA. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

QUINTA. OBRIGAS

1. Para poder ser beneficiarios das axudas FAXPG deberá satisfacer os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que a seguir se relacionan:

a) Non ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarados insolventes en ningún procedemento, non ter sido declarados en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Non dar lugar, por causa da que foran declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.

d) Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal de outras persoas xurídicas en algún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

h) Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a presente lei ou a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.



2. A FAXPG debe cumprir, ademais, coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e que son, entre outras, as seguintes:

a) Para os efectos de acreditar que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma nin é debedor por resolución de procedencia do reintegro tanto no momento da sinatura do convenio como no momento de realizarse o pagamento, deberá achegar unha declaración responsable que recolla os ditos extremos.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar á Consellería de Política Social, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) A FAXPG deberá dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención nos termos regulamentariamente establecidos.

3. Así mesmo, a FAXPG debe cumprir coas obrigas de subministración de información establecidas no artigo 4, da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

SEXTA. MODIFICACIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación do presente convenio.

SÉTIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

1. A Asociación Galega de Familias Numerosas realizará a selección do persoal específico que precise e dedique para a colaboración na execución do programa do carné familiar.

2. A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Consellería de Política Social, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO

1. De acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento



serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

2. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

a) A presidenta da FAXPG, ou un vogal da entidade en quen delegue.

b) A directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, que poderá delegar na subdirectora xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia.

c) Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

NOVENA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

2. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. Ademais, deberase cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMA. NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose polas súas cláusulas e o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas; no seu defecto aplicaránelles os principios da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar. Á súa vez, en canto lle sexa de aplicación, estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e demais normas de procedente aplicación.

DÉCIMA PRIMEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante, abranguerá as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro do ano 2018.

DÉCIMA SEGUNDA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO



Serán causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de mora xerados dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

1. Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.
2. A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. Os demais supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO CUARTA. CUESTIÓN LITIXIOSAS

1. Correspóndelle á Consellería de Política Social a resolución das cuestión litixiosas que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución ou efectos do presente convenio e os seus acordos poñen fin á vía administrativa.

2. Contra estes acordos poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro do artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

DÉCIMO QUINTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

3. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto do presente convenio.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.



5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

6. Así mesmo, a entidade conveniente será encargada do tratamento dos datos e de recadar o consentimento das persoas interesadas de acordo co Regulamento xeral de protección de datos aos efectos da súa debida comunicación.

E, en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

A Conselleira de Política Social

O Presidente da Federación de Asociacións de
Persoas Xordas de Galicia

Fabiola García Martínez

Iker Sertucha Lista